

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**1920** *Real decreto 106/2010, do 5 de febreiro, polo que se modifican diversos reais decretos en materia veterinaria e zootécnica e se simplifican os procedementos para confeccionar listas e publicar información nos ditos ámbitos.*

A Directiva 2008/73/CE, do Consello, do 15 de xullo de 2008, pola que se simplifican os procedementos para confeccionar listas e publicar información nos ámbitos veterinario e zootécnico e pola que se modifican as directivas 64/432/CEE, 77/504/CEE, 88/407/CEE, 88/661/CEE, 89/361/CEE, 89/556/CEE, 90/426/CEE, 90/427/CEE, 90/428/CEE, 90/429/CEE, 90/539/CEE, 91/68/CEE, 91/496/CEE, 92/35/CEE, 92/65/CEE, 92/66/CEE, 92/119/CEE, 94/28/CE, 2000/75/CE, a Decisión 2000/258/CE e as directivas 2001/89/CE, 2002/60/CE e 2005/94/CE, corrixida pola Decisión 2009/436/CE, do Consello, do 5 de maio de 2009, harmoniza os procedementos de rexistro, confección de listas e actualización, transmisión e publicación destas, no que se refire aos establecementos zoosanitarios e no ámbito zootécnico, e introduce diversas modificacións nas importacións de esperma, óvulos e embrións, co fin de minimizar os riscos zoosanitarios.

Iso obriga a modificar diversos reais decretos en materia de sanidade animal e zootecnia, para a debida incorporación da mencionada Directiva 2008/73/CE, do Consello, do 15 de xullo de 2008, que se efectúa nunha única norma por razóns de claridade e para facilitar a súa aplicación.

Mediante esta norma harmonízanse os procedementos de rexistro, confección de listas e actualización, transmisión e publicación destas, no que se refire aos establecementos zoosanitarios e no ámbito zootécnico, así como se introducen diversas modificacións nas importacións de esperma, óvulos e embrións co fin de minimizar os riscos zoosanitarios e, en consecuencia, simplifícanse os correspondentes procedementos para confeccionar listas e publicar información en materia veterinaria e zootécnica.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, do ministro de Fomento, e da ministra de Sanidade e Política Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina.*

Engádesse un parágrafo final á letra c do número 1 do artigo 6 do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina, co seguinte contido:

«Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, a proba da tuberculose poderase realizar tamén nun lugar distinto ao rabaño de orixe cando así o prevexa e nas condicións que establece a Comisión Europea.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.*

O número 2 do artigo 26 do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, substitúese polo seguinte:

«2. As administracións competentes posibilitarán o acceso a esa información, por medios electrónicos, ao resto de usuarios, establecendo distintos niveis de acceso, sen prexuízo dos límites que legalmente correspondan para a protección de datos de carácter persoal, se os houber, e do establecido no capítulo IV. Especificamente, a lista e os datos das entidades oficialmente recoñecidas para a xestión de libros xenealóxicos estará á disposición do público e do resto de Estados membros.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do Real decreto 2256/1994, do 25 de novembro, polo que se fixan as exixencias de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións de esperma de animais da especie bovina.*

O Real decreto 2256/1994, do 25 de novembro, polo que se fixan as exixencias de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións de esperma de animais da especie bovina queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 5 queda redactado da seguinte maneira:

«2. As comunidades autónomas inscribirán nun rexistro todos os centros de recollida ou almacenamento de esperma autorizados ou as súas modificacións, asignando a cada un deles un número de rexistro veterinario, e comunicarán estes datos ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño manterá ao día unha lista de centros de recollida ou almacenamento de esperma cos seus correspondentes números de rexistro veterinario, e porá esta lista á disposición dos demais Estados membros e do público, posibilitando o acceso a esta información por medios electrónicos.»

Dous. O contido do artigo 8 substitúese polo seguinte:

«Unicamente se autorizará a importación de esperma de animais da especie bovina que cumpra as condicións previstas para o efecto no anexo C e proceda dos países terceiros enumerados na lista que aprobe para o efecto a Comisión Europea.»

Tres. O contido do artigo 11 substitúese polo seguinte:

«Será de aplicación o previsto no Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros, en particular no relativo á organización e ao seguimento que se debe facer dos controis que se deben efectuar e das medidas de salvagarda que se deben aplicar.»

Catro. Derrógase o anexo E.

**Artigo cuarto.** *Modificación do Real decreto 855/1992, do 10 de xullo, polo que se fixan as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións procedentes de países terceiros de embrións de animais domésticos da especie bovina.*

O Real decreto 855/1992, do 10 de xullo, polo que se fixan as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións procedentes de

países terceiros de embrións de animais domésticos da especie bovina, queda modificado como segue.

Un. O número 2 do artigo 5 substitúese polo seguinte:

«2. As comunidades autónomas inscribirán nun rexistro todos os equipos de recollida de embrións autorizados ou as súas modificacións, asignando a cada un deles un número de rexistro veterinario, e comunicarán estes datos ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, o cal manterá ao día unha lista de equipos de recollida de embrións cos seus correspondentes números de rexistro veterinario, e porá esta lista á disposición dos demais Estados membros e do público, posibilitando o acceso á dita información por medios electrónicos.»

Dous. O contido do artigo 11 substitúese polo seguinte:

«Será de aplicación o previsto no Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros, en particular no relativo á organización e ao seguimento que se debe facer dos controis que se deben efectuar e das medidas de salvagarda que se deben aplicar.»

**Artigo quinto.** *Modificación do Real decreto 596/1994, do 8 de abril, relativo aos intercambios de équidos destinados a concursos e ás condicións de participación nestes.*

O Real decreto 596/1994, do 8 de abril, relativo aos intercambios de équidos destinados a concursos e ás condicións de participación nestes, modifícase como segue:

Un. O número 2 do artigo 4 substitúese polo seguinte:

«2. Porén, o establecido no artigo anterior non será óbice para a organización de:

- a) Concursos reservados aos équidos inscritos nun libro xenealóxico determinado, co fin de mellorar a raza.
- b) Concursos rexionais con obxecto de seleccionar équidos.
- c) Manifestacións de carácter histórico ou tradicional.

As comunidades autónomas que teñan a intención de facer uso destas posibilidades deberán informar previamente diso e das correspondentes xustificacións o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, o cal trasladará aos demais Estados membros e ao público.»

Dous. O número 1 do artigo 5 queda redactado como segue:

«1. As comunidades autónomas poderán reservar, para cada concurso ou tipo de concurso, por mediación dos organismos oficialmente autorizados ou recoñecidos para tal efecto, ata un máximo do 20 por cento da contía total das ganancias ou beneficios que poidan resultar del, á protección, promoción e mellora da cría de cabalos e deberán informar o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño sobre os criterios aplicados para a distribución dos fondos para os efectos de que este ministerio poña estes criterios á disposición dos demais Estados membros e do público e posibilite o acceso a esta información por medios electrónicos.»

**Artigo sexto.** *Modificación do Real decreto 1148/1992, do 25 de setembro, polo que se fixan as exixencias de sanidade animal aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións de esperma de animais da especie porcina.*

O Real decreto 1148/1992, do 25 de setembro, polo que se fixan as exixencias de sanidade animal aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións de esperma de animais da especie porcina, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 5 queda redactado como segue:

«2. As comunidades autónomas inscribirán nun rexistro todos os centros de recollida de esperma autorizados ou as súas modificacións, asignando a cada un deles un número de rexistro veterinario, e comunicarán estes datos ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, o cal manterá ao día unha lista de centros de recollida de esperma cos seus correspondentes números de rexistro veterinario, e porá esta lista á disposición dos demais Estados membros e do público.»

Dous. O contido do artigo 14 substitúese polo seguinte:

«Será de aplicación o previsto no Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros, en particular no relativo á organización e ao seguimento que se debe facer dos controis que se deben efectuar e das medidas de salvagarda que se deben aplicar.»

**Artigo sétimo.** *Modificación do Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións de aves de curral e de ovos para incubar, procedentes de países terceiros.*

Engádesse un novo número no artigo 4 do Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións de aves de curral e de ovos para incubar, procedentes de países terceiros, co seguinte contido:

«3. As comunidades autónomas elaborarán e manterán ao día unha lista de establecementos autorizados de acordo co número 1.a), cos seus correspondentes números distintivos, e notificarana ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, o cal a porá á disposición dos demais Estados membros e do público, posibilitando o acceso a esta información por medios electrónicos.»

**Artigo oitavo.** *Modificación do Real decreto 1941/2004, do 27 de setembro, polo que se establecen as normas de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios e as importacións de países terceiros de animais das especies ovina e cabrúa.*

O número 3 do artigo 12 do Real decreto 1941/2004, do 27 de setembro, polo que se establecen as normas de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios e as importacións de países terceiros de animais das especies ovina e cabrúa, substitúese polo seguinte:

«3. A autoridade competente asignará un número de autorización a cada centro de concentración autorizado.

Esta autorización poderase limitar a unha ou a outra especie incluída neste real decreto, ou a animais de cría ou engorda ou a animais de sacrificio.

A autoridade competente manterá estes datos actualizados a través do Rexistro de Explotacións Gandeiras, xestionado polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, o cal o porá á disposición dos demais Estados membros e do público, posibilitando o acceso a esta información por medios electrónicos.»

**Artigo noveno.** *Modificación do Real decreto 1430/1992, do 27 de novembro, polo que se establecen os principios relativos á organización de controis veterinarios e de identidade dos animais que se introduzan na Comunidade procedentes de países terceiros.*

O número 4 do artigo 10 do Real decreto 1430/1992, do 27 de novembro, polo que se establecen os principios relativos á organización de controis veterinarios e de identidade

dos animais que se introduzan na Comunidade procedentes de países terceiros, substitúese polo seguinte:

«4. A autorización e a posterior actualización da lista de estacións de corentena a que se refire o número 1.a) corresponderá á Comisión Europea.

As estacións de corentena mencionadas no número 1.b) ou os lugares mencionados no número 2 que cumpran as condicións establecidas no anexo B serán autorizadas polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e adxudicaráselle a cada estación un número de autorización. Este ministerio redactará e manterá ao día unha lista de estacións de corentena autorizadas xunto cos seus correspondentes números de autorización, e porá esta lista á disposición dos demais Estados membros e do público, posibilitando o acceso a esta información por medios electrónicos. As estacións de corentena estarán suxeitas á inspección prevista no artigo 18.»

**Artigo décimo.** *Modificación do Real decreto 680/1993, do 7 de maio, polo que se establecen as normas de control e as medidas de loita contra a peste equina.*

O Real decreto 680/1993, do 7 de maio, polo que se establecen as normas de control e as medidas de loita contra a peste equina, queda modificado como segue:

Un. A letra e) do artigo 2 queda redactada do seguinte modo:

«e) Autoridade competente: o órgano competente da comunidade autónoma para proceder á realización dos controis veterinarios e os órganos competentes dos ministerios de Defensa e do Interior respecto aos équidos adscritos aos citados departamentos.»

Dous. O contido do artigo 13 substitúese polo seguinte:

«Desígnase como laboratorio nacional de referencia para a peste equina o Laboratorio Central de Sanidade Animal do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño sito en Algete, cuxas funcións están indicadas no anexo VI. Este laboratorio manterase en contacto co laboratorio comunitario de referencia.»

**Artigo décimo primeiro.** *Modificación do Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións procedentes de países terceiros de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás disposicións contidas na sección I do anexo A do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro.*

O Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións procedentes de países terceiros de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás disposicións contidas na sección I do anexo A do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, queda modificado como segue:

Un. A letra e) do artigo 2 queda redactada da seguinte maneira:

«e) Autoridade competente: con respecto aos intercambios intracomunitarios, os órganos competentes das comunidades autónomas e os órganos competentes dos ministerios de Defensa e do Interior respecto dos équidos adscritos aos citados departamentos e o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, respecto ás importacións procedentes de países terceiros.»

Dous. O artigo 11 substitúese polo seguinte:

«Artigo 11. *Condicións de policía sanitaria para os intercambios de esperma, óvulos e embrións.*

1. A autoridade competente adoptará as medidas necesarias para que, sen prexuízo das condicións de policía sanitaria que se deban cumprir nos intercambios de animais, esperma, óvulos e embrións distintos dos mencionados nos artigos 5 a 11, só sexan obxecto de intercambios o esperma, os óvulos e embrións que cumpran os requisitos dos números 2, 3, 4 e 5.

2. O esperma das especies ovina, cabrúa e equina deberá, sen prexuízo dos posibles criterios que se deban respectar para a inclusión dos équidos nos libros xenealóxicos para determinadas razas específicas:

a) Ter sido recollido, tratado e almacenado para a inseminación artificial nunha estación ou centro autorizados, desde un punto de vista sanitario, de conformidade co capítulo I do anexo D. Non obstante, cando se trate de ovinos e cabrúns poderá tamén ter sido recollido e tratado para a inseminación artificial nunha explotación que cumpra os requisitos do Real decreto 1941/2004, do 27 de setembro, polo que se establecen as normas de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios e as importacións de países terceiros de animais das especies ovina e cabrúa.

b) Ter sido recollido en animais que cumpran as condicións establecidas no capítulo II do anexo D (admisión e control de rutina dos animais).

c) Ter sido recollido, tratado, conservado, almacenado e transportado de conformidade co disposto no capítulo III do anexo D.

d) Ir acompañado, no seu traslado a outro Estado membro, dun certificado sanitario conforme o modelo que determine a Comisión Europea.

3. Os óvulos e os embrións das especies ovina, cabrúa, equina e porcina deberán:

a) Ter sido tomados ou producidos por un equipo de recollida autorizado pola autoridade competente, que cumpra as condicións que estableza a Comisión Europea.

b) Ter sido recollidos, tratados e conservados nun laboratorio adecuado, almacenados e transportados de conformidade coas disposicións aprobadas no capítulo III do anexo D.

c) Ir acompañados, na súa expedición a outro Estado membro, dun certificado sanitario conforme o modelo que determine a Comisión Europea.

O esperma para a inseminación de femias doadoras deberá ser conforme co disposto no número 2 para os ovinos, os cabrúns e os équidos, e co disposto para os porcinos no Real decreto 1148/1992, do 25 de setembro, polo que se fixan as exigencias de sanidade animal aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións de esperma de animais da especie porcina.

O disposto neste número entenderase sen prexuízo das garantías adicionais que poida establecer a Comisión Europea.

4. A autoridade competente inscribirá nun rexistro as estacións ou centros autorizados a que se refire o número 2.a) e os equipos de recollida autorizados mencionados no número 3.a), ou as súas modificacións, e dará a cada un deles un número de rexistro veterinario.

Estes datos serán remitidos ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, que redactará e manterá ao día unha lista deses centros e estacións e equipos autorizados cos seus correspondentes números de rexistro veterinario, e porá esta lista á disposición dos demais Estados membros e do público, posibilitando o acceso a esta información por medios electrónicos.

5. Os requisitos zosanitarios e os modelos de certificados sanitarios aplicables ao esperma, aos óvulos e aos embrións das especies non mencionadas nos números 2 e 3 estableceraos a Comisión Europea.

En espera de que se establezan os requisitos zosanitarios e os modelos de certificados sanitarios para o comercio de esperma, óvulos e embrións mencionados, seguirán aplicándose as normas nacionais.»

Tres. Engádese un novo número no artigo 14, co seguinte contido:

«4. A autoridade competente inscribirá nun rexistro todos os organismos, institutos e centros autorizados aos cales expida un número de autorización, e redactará e manterá ao día unha lista de organismos, institutos e centros autorizados cos seus correspondentes números de autorización. Estes datos serán remitidos ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, que redactará e manterá ao día unha lista deses organismos, institutos e centros autorizados cos seus correspondentes números de rexistro veterinario, e porá esta lista á disposición dos demais Estados membros e do público, posibilitando o acceso a esta información por medios electrónicos.»

Catro. O artigo 16 substitúese polo seguinte:

«Artigo 16. *Condicións aplicables aos países terceiros.*

1. Para os efectos dunha aplicación uniforme do artigo 15, serán de aplicación as disposicións dos números seguintes.

2. Soamente se poderán importar os animais e o esperma, óvulos e embrións a que fai referencia o artigo 1 que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Proceder dun país terceiro que figure na lista a que se refire o número 3.a).
- b) Ir acompañados por un certificado sanitario, consonte co modelo establecido pola Comisión Europea, que irá asinado pola autoridade competente do país exportador e que certificará que:

1.º Os animais cumpren as condicións adicionais, ou ofrecen as garantías cando menos equivalentes así recoñecidas pola Comisión Europea, e proceden de centros, organismos ou institutos autorizados que ofrecen garantías cando menos equivalentes ás establecidas no anexo C.

2.º O esperma, os óvulos e os embrións proceden de centros autorizados de recollida e almacenamento ou de equipos autorizados de recollida e produción que ofrecen garantías cando menos equivalentes ás que estableceza no capítulo I do anexo D a Comisión Europea.

En espera de que se establezan as listas de países terceiros, o establecemento autorizado a que se refire a letra b), os requisitos zosanitarios e os modelos de certificados sanitarios a que se refiren as letras a) e b), seguiranse aplicando as normas nacionais, sempre que non sexan máis favorables que as establecidas no capítulo II do anexo D.

3. Para estes efectos, será de aplicación:

a) A lista de países terceiros ou partes de países terceiros que estableza a Comisión Europea.

b) A lista de centros ou equipos autorizados, aos cales se refire o artigo 11.2.a e 11.3.a, situados nun dos países terceiros que figuran na mencionada lista, que proporcione a Comisión Europea.

c) Os requisitos zosanitarios específicos que aprobe a Comisión Europea, en particular os encamiñados a protexer a Comunidade de determinadas enfermidades exóticas, ou garantías equivalentes ás previstas nesta norma.»

Cinco. O contido da disposición adicional terceira substitúese polo seguinte:

«En relación coa organización e o curso que se deba dar aos controis que as autoridades competentes deban realizar, así como a medidas de salvagarda que se deban aplicar, será de aplicación o previsto no Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros.»

**Artigo décimo segundo.** *Modificación do Real decreto 1988/1993, do 12 de novembro, polo que se establecen medidas para a loita contra a enfermidade de Newcastle.*

O contido do artigo 12 do Real decreto 1988/1993, do 12 de novembro, polo que se establecen medidas para a loita contra a enfermidade de Newcastle substitúese polo seguinte:

«1. O laboratorio nacional de referencia para a enfermidade de Newcastle será o indicado no anexo IV e terá as seguintes funcións:

a) Realizar a tipificación completa das características antixénicas e biolóxicas do virus da enfermidade de Newcastle e confirmar os resultados obtidos polos laboratorios de diagnóstico das comunidades autónomas.

b) Controlar os reactivos utilizados polos laboratorios de diagnóstico das comunidades autónomas.

c) Controlar a eficacia, potencia e pureza das vacinas utilizadas con carácter preventivo no territorio nacional ou almacenadas para unha intervención de urxencia.

2. Este laboratorio encargarse da coordinación das normas e os métodos de diagnóstico da enfermidade de Newcastle establecidos, se é o caso, en cada laboratorio de diagnóstico das comunidades autónomas, así como do uso de reactivos e o ensaio de vacinas. Para iso:

a) Poderá proporcionar aos ditos laboratorios das comunidades autónomas reactivos para o diagnóstico.

b) Controlará a calidade de todos os reactivos de diagnóstico utilizados no territorio nacional.

c) Organizará periodicamente probas comparativas.

d) Manterá illados virus da enfermidade de Newcastle recollidos de casos confirmados no territorio nacional.

e) Confirmará os resultados positivos obtidos nos laboratorios de diagnóstico das comunidades autónomas.

3. O laboratorio nacional de referencia manterase en contacto co laboratorio comunitario de referencia.

4. As autoridades competentes levarán listas actualizadas dos laboratorios rexionais e comunicaranas ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, que as porá á disposición dos demais Estados membros e do público, posibilitando o acceso a esta información por medios electrónicos.»

**Artigo décimo terceiro.** *Modificación do Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina.*

O contido do artigo 17 do Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina, substitúese polo seguinte:

«1. Désígnase o Laboratorio Central de Sanidade Animal do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, sito en Algete, como Laboratorio Nacional



de Referencia para detectar en calquera momento e, sobre todo, nas primeiras manifestacións da enfermidade de que se trate, o tipo, o subtipo e a variante do virus e confirmar os resultados obtidos polos laboratorios de diagnóstico autorizados pola autoridade competente. Así mesmo, este laboratorio encargárase de controlar os reactivos utilizados polos ditos laboratorios de diagnóstico.

2. O laboratorio nacional designado encargárase de coordinar as normas e os métodos de diagnóstico establecidos en cada laboratorio de diagnóstico autorizado pola autoridade competente da enfermidade en cuestión, así como o uso de reactivos. Para tal fin:

- a) Poderá proporcionar aos laboratorios de diagnóstico reactivos para o diagnóstico.
- b) Controlará a calidade de todos os reactivos de diagnóstico utilizados.
- c) Organizará periodicamente probas comparativas.
- d) Manterá illados virus da enfermidade de que se trate recollidos de casos confirmados.
- e) Confirmará os resultados positivos obtidos nos laboratorios de diagnóstico.

3. As autoridades competentes levarán listas actualizadas dos laboratorios de diagnóstico que autorizen e comunicaranas ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, que as porá á disposición dos demais Estados membros e do público, posibilitando o acceso á dita información por medios electrónicos.»

**Artigo décimo cuarto.** *Modificación do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.*

O contido do artigo 3 do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, substitúese polo seguinte:

«1. Désígnase o Laboratorio Central de Sanidade Animal do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, sito en Algete, como laboratorio nacional de referencia.

2. As comunidades autónomas poderán autorizar, no seu ámbito territorial, laboratorios de diagnóstico para a febre catarral ovina ou lingua azul cuxos diagnósticos positivos serán confirmados polo laboratorio nacional de referencia.

3. O laboratorio nacional de referencia será responsable da coordinación das normas e os métodos de diagnóstico establecidos en cada laboratorio de diagnóstico autorizado pola autoridade competente para esta enfermidade, así como da utilización dos reactivos e as probas das vacinas e terá as seguintes funcións:

- a) Subministrar reactivos de diagnóstico aos laboratorios de diagnóstico que o soliciten.
- b) Controlar a calidade de todos os reactivos de diagnóstico utilizados.
- c) Organización periódica de probas comparativas.
- d) Conservación dos axentes causantes da enfermidade ou tecidos que os conteñan que se illasen, dos casos confirmados.
- e) Confirmación dos resultados positivos obtidos nos laboratorios de diagnóstico.

4. O laboratorio nacional de referencia manterase en contacto co laboratorio comunitario de referencia.»

**Artigo décimo quinto.** *Modificación do Real decreto 1071/2002, do 18 de outubro, polo que se establecen as medidas mínimas de loita contra a peste porcina clásica.*

O número 1 do anexo III do Real decreto 1071/2002, do 18 de outubro, polo que se establecen as medidas mínimas de loita contra a peste porcina clásica, substitúese polo seguinte:

«1. Désígnase o Laboratorio Central de Sanidade Animal do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, sito en Algete, como laboratorio nacional de referencia.»

**Artigo décimo sexto.** *Modificación do Real decreto 546/2003, do 9 de maio, polo que se establecen disposicións específicas de loita contra a peste porcina africana.*

O número 1 do anexo IV do Real decreto 546/2003, do 9 de maio, polo que se establecen disposicións específicas de loita contra a peste porcina africana, substitúese polo seguinte:

«1. Désígnase o Laboratorio Central de Sanidade Animal do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, sito en Algete, como laboratorio nacional de referencia.»

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico, salvo o artigo segundo, e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Exceptúase do dito carácter de normativa básica a regulación contida nos números dous, tres e catro do artigo terceiro, no número dous do artigo cuarto, no número dous do artigo sexto, no artigo noveno e nos números tres e catro do artigo décimo primeiro, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup>, primeiro inciso, da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

**Disposición derradeira segunda.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante ese real decreto incorpórase ao noso ordenamento interno a Directiva 2008/73/CE, do Consello, do 15 de xullo de 2008, pola que se simplifican os procedementos para confeccionar listas e publicar información nos ámbitos veterinario e zootécnico e pola que se modifican as directivas 64/432/CEE, 77/504/CEE, 88/407/CEE, 88/661/CEE, 89/361/CEE, 89/556/CEE, 90/426/CEE, 90/427/CEE, 90/428/CEE, 90/429/CEE, 90/539/CEE, 91/68/CEE, 91/496/CEE, 92/35/CEE, 92/65/CEE, 92/66/CEE, 92/119/CEE, 94/28/CE, 2000/75/CE, a Decisión 2000/258/CE e as directivas 2001/89/CE, 2002/60/CE e 2005/94/CE.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ